

## Instrucións sobre a participación nas probas de acceso a 1º G. P. MODALIDADE NON PRESENCIAL

---

Curso 2020/21

Os aspirantes deberán enviar ao centro as gravacións de vídeo que a continuación se indican para a valoración de cada unha das partes da proba de acceso.

O prazo de entrega comeza o luns 22/6/20 ás 00:00 horas e remata o martes 23/6/20 ás 20:00 horas. En ningún caso se aceptará ningún arquivo recibido fora deste prazo.

O centro enviará unha confirmación da entrega dos arquivos unha vez recibidos. No caso de non ter resposta por parte do centro deberase poñer en contacto co mesmo para informar da incidencia.

- PARTE A da proba: Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de tres obras

Os aspirantes deberán enviar gravación de vídeo das tres obras correspondentes.

Cada movemento de cada obra deberá estar gravado nunha única toma sen cortes e sen axuda ou acompañamento de ningún tipo.

No encadre de cada toma de vídeo deberase ver claramente ao aspirante dende a faciana ata a cintura e se é posible tamén as mans, na especialidade de contrabaixo o encadre deberá ser de corpo completo. O aspirante deberá identificarse co seu nome e indicar a obra e movemento que vai interpretar ao inicio de cada toma.

O tamaño de cada vídeo enviado non poderá exceder 1 GB.

Xunto coa gravación achegarase unha relación coa indicación do título, autor e movementos de cada unha das obras presentadas. Recoméndase utilizar o modelo dispoñible na web do centro (no apartado *acceso/1ºGP/relacion\_obras*). Se non fose posible aceptárase calquera documento, nun formato de uso común, ou un correo electrónico no que se indique esta información xunto co nome do aspirante e a especialidade na que participa.

Tamén se deberá achegar por correo electrónico unha copia, en formato PDF se é posible, das obras que presenta o aspirante, non é preciso enviar a parte de acompañamento de piano, unicamente a parte que interpretará o aspirante.

- PARTE B da proba: execución dun exercicio conxunto de carácter práctico de entoación e lectura

Os aspirantes deberán enviar unha gravación de vídeo do exercicio de entoación e lectura publicado na web do centro ( no apartado *acceso/1ºGP/exercicio entoacion\_lectura*).

Deberá estar gravado nunha única toma sen cortes na que se faga unha execución continua do mesmo, sen axuda ou acompañamento de ningún tipo.

No encadre de cada toma de vídeo deberase ver claramente ao aspirante, que deberá identificarse co seu nome ao inicio da gravación.

Se os aspirantes ou as súas familias teñen dúbidas ou dificultades para seguir estas indicacións deberán informar ao centro o antes posible (vía telefónica ou por correo electrónico).

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2020.